

A hand holding a pen pointing at a tablet displaying financial data and charts. The background is a blurred image of a person working on a tablet, with various financial figures and bar charts overlaid. The text is presented in a clean, modern font within a yellow callout box.

AXUDAS

**PARA O REEQUILIBRIO
FINANCEIRO DOS CENTROS
ESPECIAIS DE EMPREGO DE
INICIATIVA SOCIAL (CEEIS)
E EMPRESAS DE INSERCIÓN
LABORAL (EIL)**

Convocatoria 2021

XUNTA DE GALICIA

Páxina 2	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE ORZAMENTO RÉXIME DAS AXUDAS PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
Páxina 3	BENEFICIARIAS E REQUISITOS INCOMPATIBILIDADES
Páxina 4	CONTÍA DA SUBVENCIÓN CRITERIOS DE VALORACIÓN TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para o reequilibrio financeiro dos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e empresas de inserción laboral (EIL) especialmente afectados pola crise da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 32, do 17.02.2021).

FINALIDADE

Consolidar os postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social a través do equilibrio e reestruturación financeira dos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e das empresas de inserción laboral (EIL)

ORZAMENTO

O orzamento total desta convocatoria é de 1.000.000 €

RÉXIME DAS AXUDAS

Estas axudas son compatibles co mercado interior e non constitúen axuda de Estado (Decisión da Comisión, 2012/21/UE, do 20 de decembro de 2011).

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

A data límite para presentar as solicitudes é o
17 de marzo de 2021.

BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderanse acoller a esta axuda, sempre que cumpran os requisitos e as condicións xerais recollidas na orde:

- a) Os centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS)
- b) As empresas de inserción laboral (EIL)

Requisitos:

- a) As entidades terán que figurar inscritas nos rexistros correspondentes cunha antigüidade mínima de 42 meses na data de presentación da solicitude.

No caso de CEE, ter recoñecido a condición de CEE sen ánimo de lucro ou de iniciativa social.

- b) Ter presentadas as contas anuais dos últimos tres anos (2017, 2018 e 2019) no rexistro que corresponda.

No caso de asociacións non obrigadas a depositar as contas, deberán ter o balance e conta de resultados aprobados pola Asemblea Xeral

- c) Acreditar as perdas no 2020 nos centros de traballo de Galicia que impacten no mantemento dos postos de traballo.

No caso dos CEE sen personalidade xurídica propia, as perdas deberán referirse á actividade do CEE.

Non se poderán acoller:

- As empresas incursas en causa de disolución ou en crise.
- Os CEE e EIL en que conorra algunha das circunstancias do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, así como os excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego.
- Os CEE que, carecendo de personalidade xurídica propia, non teñan unha xestión diferenciada da súa entidade titular.
- Os CEE que non cumpran coa porcentaxe mínima do 70% de persoas con discapacidade contratadas respecto do total de cadro de persoal.
- As EIL que non cumpran coa porcentaxe mínima do 30% os 3 primeiros anos de actividade e do 50% a partir do cuarto ano de persoas en situación ou risco de exclusión social contratadas respecto do total do cadro de persoal.
- Os CEE e EIL que non estean a aplicar o convenio colectivo que resulte de aplicación.
- Os CEE e EIL que non estean ao día coas súas obrigas rexistrais.

INCOMPATIBILIDADES

Será incompatible a percepción doutra axuda que teña como orzamento ou como criterio de cálculo as perdas soportadas no exercicio 2020 se supera, sumando ambas, o 100% das perdas acreditadas.

CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A axuda pode acadar o 50% das perdas acreditadas no exercicio 2020 pola entidade beneficiaria, cun importe máximo de 60.000 €.

A axuda será o resultado de aplicar as seguinte contías acumulativas entre si:

- Polos primeiros 80.000 € de perdas, a subvención será do 50%.
- Polos 20.000 € seguintes será do 40%.
- Polos 20.000€ seguintes será do 30%.
- Polos 20.000€ seguintes será do 20%.
- Polos 20.000 € seguintes será do 10 %

CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes presentadas serán valoradas segundo os seguintes criterios:

- A porcentaxe de perdas da entidade respecto ao volume de actividade (ata 10 puntos)
- O número de persoas traballadoras de entidades en centros de traballo de Galicia (ata 20 puntos)
- Estabilidade do cadro de persoal da entidade nos centros de traballo de Galicia (ata 20 puntos)
- Ratio de homes/mulleres no cadro de persoal da entidade nos centros de traballo de Galicia (ata 20 puntos)
- Dispoñer de centros de traballo nun concello rural (10 puntos)

No caso de producirse empates, estes resolveranse de acordo coa maior puntuación obtida no criterio establecido en primeiro lugar e así sucesivamente.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da axuda efectuarase no momento da resolución da concesión polo importe íntegro da subvención concedida, sen necesidade de solicitude.

OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Ademais doutras obrigas xerais, as beneficiarias deberán:

- Manter a actividade económica e o emprego durante 6 meses desde a concesión da axuda.
- Presentar as contas do exercicio 2020 debidamente depositadas no rexistro correspondente ou, de ser o caso, aprobadas pola asemblea xeral, antes do 30 de setembro.

Se a data límite para o seu depósito ou aprobación fose maior por disposición legal ou regulamentaria, o prazo de presentación será de 10 días desde que se efectúe o depósito ou aprobación.



Xacobeo 2021

galicia

MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO,
TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

981 957 732 - 981 545 701

ceei.xunta.gal

economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal

info@eusumo.gal

